

definición

O Proxecto de Lei de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a Dependencia define a dependencia (art.2) como o estado de carácter permanente no que se atopan as persoas que, por razóns derivadas da idade, enfermidade ou a discapacidade, e ligadas a falta ou perda de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisan da atención de outra persoa ou axudas importantes para realizar as actividades básicas da vida diaria.

obxecto da ley

Creación dun sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, coa colaboración e participación de todas as administracións públicas, que regula as condicións básicas que garantícen a igualdade no exercicio do dereito subxectivo de cidadanía á promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia.

implantación ano 2006

Entrada en vigor Lei de Promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia.

Plan Acción Integral + Calendario desenvolvemento previsións Lei. Prazo máximo de 3 meses

2006

Constitución Consello Territorial do sistema Nacional de Dependencia. Prazo máximo de 3 meses


Catálogo Servizos + Baremo Valoración grados, niveis dependencia



XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA DA
IGUALDADE E DO BENESTAR
Secretaría Xeral do Benestar
Dirección Xeral de Acción Social

Lei de Promoción
da **Autonomía Persoal**
e **Atención á Dependencia**

marco competencial e axentes implicados



graos de dependencia (art. 26)

DEPENDENCIA MODERADA (Grao I)

Necesita **axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria**, ao menos unha vez ao día.

DEPENDENCIA SEVERA (Grao II)

Necesita **axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria** dúas ou tres veces ao día, pero non require a presenza permanente dun coidador.

GRAN DEPENDENCIA (Grao III)

Necesita **axuda para realizar varias actividades básicas da vida diaria varias veces ao día** e, pola súa perda total de autonomía mental ou física, necesita a presenza indispensable e continua doutra persoa.

valoración da dependencia (art. 27)

As **Comunidades Autónomas** determinan os **órganos de valoración**:

- Grao e nivel de dependencia
- PIA (art. 29).

O baremo **acórdase no Consello territorial do SND** que será aprobado mediante RD e terá como referentes a CIF.

O baremo **establecera**:

- **Criterios** de valoración
- **Intervalos de puntuación** para cada un dos graos e niveis de dependencia.

A valoración **realizarase tendo en conta**:

- **Axudas técnicas**
- **Órteses e próteses**
- O **contorno no que vive** a persoa en situación de dependencia.

prestación e catálogo de servizos rede de servizos do SAAS

Carácter prioritario a través da oferta pública (servizo público ou concertado)

Prevención: Centros de Servizos Sociais; Unidades de información; Unidades de avaliación, valoración e orientación; Fogares, clubs e centros asimilados para maiores

Teleasistencia

AD: Atención no fogar; Coidados persoais

Centros de día e noite: CD maiores; CD menores de 65 anos; CD atención especializada; Centros de noite

Servizos de atención residencial: Residencia para persoas maiores con dependencia; Centro de atención a persoas con discapacidade física; Centros de atención a persoas con discapacidade psíquicas; Centros para discapacidade intelectual; Centros para enfermidade mental

Centros estatais de referencia

Prestacións económicas

(cando non sexa posible o acceso a un servizo público ou concertado)

Prestación económica **vinculada ao servizo**

Prestación económica **para coidados no entorno familiar e apoio a coidadores** non profesionais

Prestación económica **asistencia personalizada**

Subvencións para (disp. adic. 3º): Axudas técnicas; Eliminación barreiras e adaptacións no fogar.

Prestacións para menores de 3 anos acreditados en situación de dependencia para coidados no entorno familiar; complementario da protección establecida no ámbito educativo e sanitario (disp. adic. 13ª)